



**II PLAN DE  
IGUALDADE DE  
OPORTUNIDADES  
ENTRE  
MULLERES E  
HOMES  
2018–2022**





# II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

(2018-2022)

Promove: **Concello de Salvaterra de Miño**



Realiza: **Edesca, SL**





# Índice

Introdución.....	9
I.    Que é un Plan de Igualdade?.....	10
II.   Como se fixo o II PIOM de Salvaterra de Miño? .....	10
III.  Como é o II Plan de Igualdade de Salvaterra de Miño? .....	12
Áreas de intervención do II Plan de Igualdade .....	15
1.  PROMOCIÓN DA IGUALDADE DENDE O CONCELLO .....	16
2.  COEDUCACIÓN .....	18
3.  FORMACIÓN E EMPREGO .....	20
4.  CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE E ASOCIACIONISMO .....	22
5.  PREVENCIÓN E ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO .....	24
Guía de seguimento e avaliación do II Plan .....	25
Glosario .....	25



## Saúda...

*"O SILENCIO FAVORECE AO MALTRATADOR, FAITE OÍR, DENÚNCIAO"* de Marcos Iglesias Domínguez

*"UN QUÉROTE NON COMPENSA MIL BÁGOAS"* de Inés Fernández Gómez

*"OÍR, VER ... e NON CALAR"* de Brais Méndez Pérez

*"SON MÁIS QUE FERIDAS. SON AS NOSAS VIDAS"* de Zaira Vaqueiro Pereira

*"A LIBERDADE NON TEN PROPIEDAD!"* de Aroa Domínguez Pérez

*"CONTRA A VIOLENCIA NON TEÑAS PACIENCIA"* de Daniel Gil Santos

Na última década un total de 700 mulleres foron asasinadas en España por homes cos que mantiñan ou mantiveran unha relación sentimental, das cales en torno a un 23% denunciaron aos seus agresores. Nos últimos 10 anos houbo máis dun millón de denuncias por violencias de xénero.

Dende o Concello levamos anos traballando a prol da erradicación desta lacra social, que ano a ano se segue cobrando as vidas de mulleres, as nosas amigas, a nosa nai, a nosa prima, a nosa veciña, a miña filla... e que moitas veces vemos como simples espectadores. Cremos que é moi necesario seguir traballando, e así o estamos a facer, de abaixo a arriba, cos máis pequenos/as na liña da educación, da igualdade e da non violencia. Son moitas as actuacións que se realizan neste sentido, pero unha das que máis orgullosos nos sentimos e ese concurso de slogans que organizamos con nenos e nenas do IES Salvaterra, e que se utilizan todos os anos nunha campaña de educación e divulgación que organiza o Concello.

Presentamos o II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES no que se inclúen varias medidas a desenvolver nos próximos anos e que ten como finalidade última garantir a igualdade de xénero no noso municipio e a loitar pola erradicación da desigualdade máis extrema, a violencia contra as mulleres.

De antemán, graziñas por colaborar neste proxecto connosco!!!!

Marta Valcárcel Gómez  
1ª Tte de Alcalde do Concello de Salvaterra de Miño





01

Introducción

## I. Que é un Plan de Igualdade?

Un Plan de Igualdade municipal é unha **folla de ruta** onde se marcan os pasos a seguir para acadar unha igualdade plena e real entre as mulleres e os homes. É, polo tanto, unha declaración firme do Concello, onde se manifesta a súa intención de loitar pola educación en igualdade, por eliminar os roles e os estereotipos de xénero que aínda hoxe existen na nosa sociedade e por erradicar a consecuencia máis extrema da desigualdade, a violencia de xénero.

O Concello de Salvaterra de Miño é consciente de que levar a cabo **políticas e accións transversais e continuadas no tempo** é o xeito máis eficaz de actuar para avanzar na eliminación das diferenzas de xénero, xa que o contacto directo e a proximidade coa poboación permiten realizar un traballo máis eficaz e sistemático.

Este PIOM é, polo tanto, **unha guía que deberán seguir os distintos departamentos municipais e axentes sociais** implicados para desenvolver actuacións e acadar obxectivos durante o seu período de vixencia que xiran en torno á redución das desigualdades de xénero existentes.

## II. Como se fixo o II PIOM de Salvaterra de Miño?

Para realizar este II Plan de Igualdade empregouse unha metodoloxía tanto cuantitativa como cualitativa, co obxectivo de establecer medidas adaptadas á realidade social e económica de Salvaterra de Miño.

Así, por un lado tiramos de **fontes secundarias de estudo**, como o IGE -Instituto Galego de Estatística-, o INE -Instituto Nacional de Estatística-, o Instituto Galego das Cualificacións e os datos proporcionados polo Consello Xeral do Poder Xudicial para o Partido Xudicial de Pontearreas (ó que pertence Salvaterra de Miño). O estudo desta información permitiu levar a cabo unha análise exhaustiva do municipio, tanto no seu aspecto demográfico coma no formativo e laboral.

Por outro lado a **información cualitativa** foi proporcionada por diversos/as axentes sociais que son clave na xestión municipal e no eido educativo do concello; a través destas persoas púidose obter unha ollada clara da situación actual así como das cuestións nas que resulta máis necesario traballar nos próximos anos.

Un terceiro pilar da metodoloxía empregada é o **marco legislativo** específico a tódolos niveis, onde se recollen os antecedentes normativos a seguir na elaboración deste Plan de Igualdade.

A lexislación revisada nesta fase do traballo foi a seguinte:

### Lexislación Internacional

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos
- Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller de 1979 (CEDAW)
- IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing/ Pequín no ano 1995

### Lexislación Europea

- Tratado de Amsterdam de 1997
- Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo
- Recomendacións do Consello de Europa de Lisboa Folla de Ruta da Unión para o 2006-2010, no ámbito do emprego e política social
- Programa comunitario de Fomento do Emprego e da Solidariedade Social (Progress)
- Programas de acción comunitaria, Daphne I (2000-2003) e Daphne II (2004-2008)

### Lexislación Estatal

- Constitución española Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas de violencia doméstica
- Lei 30/2003, de 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Real Decreto 355/2004 polo que se crea un rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2008-2011

### Lexislación autonómica

- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia Pacto Galego polo emprego, asinado en 2007

- Plan de atención integral á saúde da muller de Galicia Plan de fomento da corresponsabilidade
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020

En síntese, a partir desta metodoloxía xorde o II Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Salvaterra de Miño, no que se recollen medidas e obxectivos adaptados á realidade municipal e ás necesidades da súa veciñanza.

### III. Como é o II Plan de Igualdade de Salvaterra de Miño?

Á hora de deseñar este documento seguíronse unha serie de **obxectivos** que o conforman e lle dan unidade:

- Promover a igualdade de oportunidades dende todas as áreas municipais, a fin de establecer accións coordinadas e integrais.
- Impulsar o traballo pola igualdade e a prevención da violencia de xénero dende ós Servizos Sociais, implicando a tódolos axentes sociais (centros educativos, asociacións, persoal sanitario, etc.)
- Favorecer unha conciliación real dos tempos laborais, familiares e persoais, mellorando á súa vez, a calidade de vida da veciñanza.
- Loitar pola incorporación laboral das mulleres en igualdade de condicións, e por tanto, mellorar as expectativas económicas do concello.
- Sentar as bases para unha sociedade máis xusta e máis igualitaria, centrando os esforzos na poboación máis nova.

Para acadar estas metas deseñáronse **cinco áreas prioritarias** de actuación. Cada unha delas consta de dúas liñas estratéxicas orientadas a acadar unha serie de metas e obxectivos a través da posta en marcha das accións e actividades recollidas no Plan.

A estrutura do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Salvaterra de Miño, vixente entre os anos 2017-2021, responde ó seguinte esquema:

#### 1. Promoción da igualdade dende o Concello

- 1.1 Mellorar a formación en igualdade de oportunidades do persoal municipal e potenciar a súa implicación neste eido.
- 1.2 Sensibilizar á poboación de Salvaterra de Miño na importancia da igualdade a través da implicación nas actividades realizadas dende o Concello.

## 2. Coeducación

- 2.1 Promover unha educación igualitaria e non discriminatoria, facendo especial fincapé entre as nenas e os nenos de Salvaterra de Miño.
- 2.2 Impulsar a erradicación de estereotipos e roles tradicionais de xénero.

## 3. Formación e Emprego

- 3.1 Sensibilizar á veciñanza, e en particular ás mulleres, da importancia da formación.
- 3.2 Promover a inserción laboral feminina e garantir un acceso ó mercado de traballo en igualdade de oportunidades.

## 4. Conciliación, Corresponsabilidade e Asociacionismo

- 4.1 Favorecer a corresponsabilidade e a conciliación familiar, laboral e persoal da poboación de Salvaterra de Miño.
- 4.2 Fomentar a participación social das mulleres e a súa implicación no eido público.

## 5. Prevención e Eliminación da Violencia de Xénero

- 5.1 Contribuír á prevención e eliminación da violencia de xénero a través da información e sensibilización á poboación.
- 5.2 Mellorar a coordinación e a atención ás mulleres vítimas de malos tratos e ás persoas dependentes delas.

Tódalas accións encadradas nestas áreas son transversais e precisan da colaboración de tódolos axentes sociais; por elo son iniciativas realistas, adaptadas tanto ó contexto sociodemográfico de Salvaterra de Miño como a unha realidade económica que rexe o funcionamento do Concello.

Este documento debe verse dende unha perspectiva integral, onde cada paso contribúe a acadar un fin, que non é outro que unha sociedade onde as súas xentes convivan e se desenvolvan en igualdade a tódolos niveis.

Para coñecer o nivel de alcance das metas fixadas é preciso realizar unha **avaliación** anual do traballo realizado, para poder realizar as modificacións e os axustes precisos. Por elo, este documento tamén incluír á un apartado onde se establecerán unha serie de pautas para poder levar a cabo este proceso de avaliación e revisión do traballo.



02

Áreas de  
intervención do  
II Plan de  
Igualdade

## 1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DENDE O CONCELLO

Construír unha sociedade en igualdade de oportunidades é unha tarefa de todas e todos, mais é o Concello quen debe dar o máximo exemplo. Para iso non só é preciso que o persoal municipal estea sensibilizado, senón que debe contar cunha formación e unhas competencias que lle axuden a mellorar o sistema e supoñan un avance en materia de igualdade entre mulleres e homes.

Así, hai que actuar en dúas vías: a nivel interno, mellorando as capacidades e a implicación do persoal de tódalas áreas e departamentos municipais, e a nivel externo, informando e sensibilizando á poboación da importancia e das vantaxes para todas e todos de acadar unha igualdade plena e real.

### Liña Estratéxica 1.1. Mellorar a formación en igualdade de oportunidades do persoal municipal e potenciar a súa implicación neste eido

- 1 Organizar un curso básico de formación en igualdade e non discriminación por razóns de sexo de carácter obrigatorio para a totalidade do persoal político e técnico do Concello.
- 2 Difundir, de forma periódica, tódolos recursos dispoñibles a nivel estatal, autonómico, provincial, etc. para mellorar a formación en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero do persoal municipal (web, redes sociais, taboleiros, etc.)
- 3 Contribuír ó uso e espallamento dunha linguaxe non sexista a través, por exemplo, das seguintes accións:
  - Revisar os contidos da páxina web municipal adaptándoos a un uso correcto da lingua.
  - Empregar unha linguaxe non sexista en tódolos documentos oficiais do Concello.
  - Divulgar, facendo uso da web, redes sociais, etc. unha guía de linguaxe non sexista centrada no eido administrativo.
  - Publicitar as ofertas de traballo e formación empregando una lingua sen usos sexistas.
- 4 Continuar coa solicitude das subvencións pertinentes (Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra, Secretaría Xeral de Igualdade) para poder dispoñer dos recursos económicos necesarios para poder levar a cabo as medidas recollidas neste PIOM.
- 5 Establecer reunións periódicas co CIM de Pontearreas para realizar actividades que, de forma conxunta, fomenten a igualdade de xénero e a prevención da violencia de xénero.
- 6 Poñer en marcha os mecanismos de avaliación continua das accións desenvoltas de forma anual no marco do II Plan de Igualdade, a fin de realizar os cambios ou axustes precisos para mellorar a súa eficiencia.



## Liña Estratéxica 1.2. Sensibilizar á poboación de Salvaterra de Miño na importancia da igualdade a través da implicación nas actividades realizadas dende o Concello

- 1 Difusión do II Plan de Igualdade entre a cidadanía explicando os seus obxectivos e as medidas deseñadas. Propóñense os seguintes pasos:
  - Presentación pública do PIOM e anuncio nos medios de comunicación locais.
  - Reparto e colocación de exemplares entre as dependencias municipais (Biblioteca, centros educativos, centros culturais, centro de saúde...)
  - Difusión do documento a través da web e redes sociais municipais.
  - Organización dunha serie de charlas entre as asociacións máis activas para explicar o contido do Plan e establecer liñas de colaboración para realizar algunhas das actividades propostas.
- 2 Participar de forma activa nas campañas organizadas polas distintas administracións (autonómica, provincial, estatal) a favor dunha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Débese buscar a implicación dos centros educativos e do tecido asociativo para lograr a difusión destas campañas.
- 3 Conmemorar o Día Internacional da Muller (8 de marzo) e o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de Novembro) a través de accións dinámicas encadradas no tempo das actividades extraescolares e das actividades para maiores, a fin de favorecer un espazo interxeneracional.

## 2. COEDUCACIÓN

Debe ser esta a principal área de intervención, xa que a educación é a vía máis directa para transmitir valores relacionados coa igualdade de oportunidades. A coeducación ten que ser unha ferramenta transversal e que, por tanto, estea presente en tódalas actividades e accións que se leven a cabo entre a veciñanza.

Compre traballar dende a infancia en base a unha educación en igualdade e buscando a erradicación dos roles e estereotipos asociados ó xénero e que aínda hoxe están tan presentes. Pero tamén é necesario aplicar esta perspectiva en tódalas medidas formativas dirixidas á poboación adulta, xa que só a través da implicación de toda a poboación lograremos unha sociedade máis xusta e igualitaria.

### Liña Estratéxica 2.1. Promover unha educación igualitaria e non discriminatoria, facendo especial fincapé entre as nenas e os nenos de Salvaterra de Miño

- 1 Organizar unha reunión cos CEIPS e o IES ó comezo de cada curso escolar para establecer as actividades que se levarán a cabo de forma conxunta a prol da igualdade. Nesta xuntanza compre pechar datas e accións concretas para evitar que se dilúan no tempo.
- 2 Aproveitar épocas vacacionais (Nadal, Entroido, Verán) para realizar actividades nas que se trate o tema da igualdade de xénero dun xeito dinámico e divertido para a poboación máis nova (contacontos, teatro, videoforum...)
- 3 Incluír nos Campamentos Infantís que xa se veñen organizando actividades deseñadas de forma específica para o reforzo dos valores igualitarios e da prevención da violencia.
- 4 Crear na Biblioteca Municipal un espazo específico e ben sinalizado onde se recollan libros, cómics, etc. que contemplan a ruptura de roles e estereotipos de xénero, como ferramenta de coeducación.
- 5 Deseñar e levar a cabo unha serie de charlas nas ANPA's co fin de orientar a nais e pais na importancia e beneficios da educación en igualdade (fomento da autonomía persoal e económica, redución de comportamentos daniños, etc.)
- 6 Centrar a celebración anual do Día do Libro en escritoras de literatura ou cómics xuvenís (Laura Gallego, Leticia Costas...). Proponse tamén a organización dunha charla entre as escritoras e o alumnado de Salvaterra de Miño, onde poidan debater e facer unha reflexión conxunta.

## Liña Estratéxica 2.2. Impulsar a erradicación de estereotipos e roles tradicionais de xénero

- 1 Desenvolver, a través do IES, estratexias formativas entre o alumnado nas que se aborde especificamente o empoderamento feminino e a autonomía económica e persoal.
- 2 Organizar un concurso de vídeos curtos en Youtube centrado na temática dos estereotipos tradicionais de xénero; premiarase a aqueles que teñan un maior número de visitas e comentarios positivos.
- 3 Realizar actividades formativas para a poboación adolescente, en colaboración co IES e a Garda Civil (Programa Axente Titor e Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos), onde se aborden os perigos das redes sociais e se proporcionen pautas para un uso responsable das mesmas.

### 3. FORMACIÓN E EMPREGO

Nas últimas décadas as mulleres incorporáronse en gran medida ó mercado laboral, pero iso non quere dicir que o fagan nas mesmas condicións e coas mesmas oportunidades que os homes. Estamos aínda ante un mercado de traballo no que se pagan diferentes salarios a iguais traballos ou no que se marca un teito de cristal ás mulleres.

Resulta evidente que a ocupación do chamado espazo público por parte das mulleres será a clave para acadar unha igualdade real e non teórica. Para elo é de vital importancia mellorar os niveis formativos, pero tamén lograr que os nichos laborais mellor pagados e de maior estabilidade deixen de ser un reduto masculino.

Para acadar este obxectivo faise preciso seguir impulsando a formación ocupacional e manter servizos que orienten e asesoren sobre as posibilidades das mulleres respecto ao autoemprego e á diversificación profesional.

#### Liña Estratéxica 3.1. Sensibilizar á veciñanza, e en particular ás mulleres, da importancia da formación

- 1 Visibilizar e sensibilizar -por exemplo, no marco doutras iniciativas formativas para a poboación adulta ou través da paxina web e das redes sociais- acerca da importancia da obtención do graduado en ESO e da mellora do nivel formativo para a busca de emprego de calidade.
- 2 Diseñar a formación das persoas adultas que se leva a cabo no Concello de tal forma que se inclúan módulos transversais en igualdade de oportunidades e cun peso real e útil dentro da experiencia formativa.
- 3 Organizar talleres formativos no IES onde se rompan os estereotipos de xénero existentes e que influen na elección de estudos e profesións. Compre incidir na información proporcionada ás rapazas sobre aquelas posibilidades de emprego tradicionalmente vinculadas ó colectivo masculino e que soen ter mellores condicións laborais.
- 4 Aproveitar xornadas como a do 8 de Marzo para achegar ás nenas e ós nenos modelos de mulleres con responsabilidade empresarial, política e sindical (por exemplo, a través de charlas nas aulas, de intercambios de experiencias, paneis informativos, etc.)

## Liña Estratéxica 3.2. Promover a inserción laboral feminina e garantir un acceso ó mercado de traballo en igualdade de oportunidades

- 1 Sistematizar a recollida de información na área de emprego e formación municipal (bases de datos, estatísticas, datos de participación en actividades formativas...) incluíndo a variable sexo.
- 2 Achegar á veciñanza información sobre os dereitos laborais así como das discriminacións aínda existentes de cara ás mulleres en canto ás condicións laborais (discriminacións en materia de salarios, maior precariedade, acoso laboral, etc.)
- 3 Levar a cabo algunha xornada de asesoramento para promover o autoemprego e a iniciativa emprendedora entre as mulleres de Salvaterra de Miño, tocando cuestións como:
  - Información sobre a creación de empresas ou cooperativas.
  - Posibles ideas de negocio no eido local.
  - Intercambio de experiencias con mulleres cooperativistas afianzadas na zona ou arredores.
- 4 Organizar sesións de traballo con outras entidades (Concellos, asociacións, mancomunidades, ONG's) que leven a cabo accións destinadas á inserción laboral das mulleres co fin de establecer convenios de colaboración e fomentar o emprego feminino de calidade.

## 4. CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE E ASOCIACIONISMO

Para que as mulleres poidan entrar no mercado laboral é preciso que todas as responsabilidades propias do ámbito privado sexan compartidas polos homes. A día de hoxe esta é unha meta non alcanzada, o que trae como consecuencia que as mulleres teñan dobres xornadas, menos tempo para uso persoal, máis estres e dificultades para progresar no traballo...

Para revertir esta situación é preciso que se ofrezan e manteñan servizos municipais de apoio (garderías, actividades extraescolares, centros de días...), pero tamén é imprescindible sensibilizar á poboación e ó empresariado na importancia da conciliación e a corresponsabilidade. En definitiva, tratase de establecer medidas que impulsen a participación das mulleres no ámbito social, económico e político, reforzando o seu empoderamento e a súa independencia.

### Liña Estratéxica 4.1. Favorecer a corresponsabilidade e a conciliación familiar, laboral e persoal da poboación de Salvaterra de Miño

1

Deseñar e levar a cabo, en colaboración cos centros educativos, unha iniciativa encamiñada a reflexionar sobre o actual reparto das tarefas e responsabilidades domésticas nos fogares de Salvaterra de Miño (por exemplo, a través de fichas que reflectan o reparto habitual de tarefas e cun debate posterior sobre os resultados)

2

Implicar ás ANPA's e ós centros educativos na realización de obradoiros que promovan a autonomía persoal e o reparto de tarefas dentro do fogar (por exemplo, nais e pais poden impartir talleres sobre habilidades domésticas e de coidado en horario escolar para garantir a participación).

3

Organizar unha xornada de divulgación na que o tema central sexa poñer en valor o traballo do ámbito doméstico e o coidado de persoas dependentes. Trátase de seguir o lema de "o que non se di non existe".

4

Realización de folletos informativos sobre os recursos de conciliación dispoñibles no Concello e os requisitos de acceso a cada un deles o máis detallado e claro posible.

5

Planificar as actividades e iniciativas municipais decantándose por horarios e lugares que favorezan a conciliación familiar e laboral.

6

Proseguir coa programación de actividades deportivas, culturais, educativas e de lecer fóra do horario escolar e en tempadas vacacionais para axudar á conciliación. No deseño destas accións compre incluír a perspectiva de xénero, o fomento da corresponsabilidade e a resolución pacífica de conflitos.

## Liña Estratéxica 4.2. Fomentar a participación social das mulleres e a súa implicación do eido público

- 1 Divulgar e prestar apoio técnico e asesoría para a creación de asociación de mulleres, facilitando a súa constitución a través de asesoramento, tramitación de subvencións, etc.
- 2 Impulsar a participación social e cultural da poboación feminina de Salvaterra de Miño a través da organización de actividades de especial interese e demanda (pódese realizar unha sondaxe a través das redes sociais), ou de iniciativas que fagan visible a produción cultural feminina (por exemplo, ciclos de cine, teatro, charlas ou actividades demandadas...)
- 3 Organizar obradoiros dirixidos especialmente ás rapazas (pódense levar a cabo aproveitando os tempos e os espazos daquelas actividades que concentren un maior número de mozas) e centrados nas habilidades de liderado, empoderamento e autoestima.

## 5. PREVENCIÓN E ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

O maltrato ás mulleres é a consecuencia máis visible e nefasta da desigualdade de xénero, e constitúe, hoxe en día, un dos principais problemas da nosa sociedade. Erradicar esta lacra é unha responsabilidade de toda a poboación, e polo tanto, das administracións públicas.

O concello é a referencia máis próxima á poboación, polo que a súa responsabilidade é aínda maior neste punto e non debe esquecer que o seu traballo debe estar centrado en dúas vertentes:

- Previr as condutas violentas a través da educación e a sensibilización.
- Protexer e apoiar en todo o necesario as mulleres vítimas de violencia de xénero, así como as súas fillas e fillos.

### Liña Estratéxica 5.1. Contribuír á prevención e eliminación da violencia de xénero a través da información e sensibilización á poboación

- 1 Colaborar en todas as campañas relacionadas coa violencia de xénero que se promovan dende as diferentes institucións (Ministerio, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra...), e difusión da cartalería entre as dependencias municipais e redes sociais.
- 2 Divulgar dípticos informativos (web, redes sociais, biblioteca, centro de saúde...) onde se recollan os distintos tipos de violencia de xénero (física, psicolóxica, económica, sexual), os recursos existentes e os pasos a seguir en caso de sufrir malos tratos.
- 3 Realizar, en colaboración co IES, obradoiros e iniciativas que aborden especificamente a violencia de xénero entre a poboación xuvenil dun xeito próximo e dinámico (monólogos, contacontos, talleres adaptados á súa idade, concursos de cortos ou vídeos...). Proponse facer especial fincapé nos micromachismos e nas actitudes de control na fase de noivado.
- 4 Organizar, en colaboración cos grupos de teatro existentes no termo municipal, unha representación centrada nos malos tratos a fin de sensibilizar a toda a cidadanía. Esta obra podería representarse aproveitando os actos do Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de Novembro)



## Liña Estratéxica 5.2. Mellorar a coordinación e a atención ás mulleres vítimas de malos tratos e ás persoas dependentes delas

- 1 Desenvolver un protocolo de coordinación interna que facilite a colaboración entre entidades ante os casos de violencia de xénero, con recomendacións prácticas e un percorrido de derivación das vítimas entre os Servizos Sociais municipais, Policía Local, Centro de Saúde e CIM de Pontearreas.
- 2 Favorecer a inserción sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero dándolles prioridade no acceso a cursos de formación, programas de emprego e axudas municipais.
- 3 Organizar un seminario de formación e sensibilización dirixido ás persoas relacionadas coa atención das mulleres vítimas de malos tratos (persoal de Servizos Sociais, forzas de seguridade, persoal sanitario...)

03

Guía de  
seguimiento e  
avaliación do  
II Plan

Poñer en marcha e desenvolver as accións recollidas nun Plan de Igualdade é unha tarefa complexa, xa que implica un esforzo e unha labor de coordinación diarias. Por elo, e de cara a lograr os obxectivos previstos, é necesario establecer unha serie de mecanismos de avaliación que permitan flexibilizar o documento e ir adaptándoo as necesidades municipais.

Así, compre realizar **avaliacións intermedias**, de carácter anual, nas que se recolla información sobre as accións levadas a cabo dun xeito preciso e metódico. A partir deste documento poderemos planificar o traballo dos seguintes meses, facendo fincapé nas áreas máis “abandonadas” e incidindo naquelas que sexa preciso a tenor das particularidades do momento.

Unha maneira de simplificar este traballo é cubrir unha **ficha por cada actividade** que se leve a cabo durante o ano, na que se recolla a maior información posible, xa que desta maneira cando se teña que realizar a avaliación pertinente, só haberá que recoller todas as fichas nun documento.

Un modelo de ficha de recollida de información podería ser o seguinte:

Ficha de avaliación	
1	Medida ou actividade realizada:
2	Descrición da actuación:
3	Data de realización:
4	Horario:
5	Duración:
6	Nº de persoas participantes (desagregar por sexo)
7	Franxa de idade das persoas participantes:
8	Departamentos e/ou organismos municipais implicados:
9	Orzamento destinado:
10	Difusión realizada:
11	Área do Plan na que se encadra:
12	Observacións:

Unha vez finalizado a vixencia do Plan elaborárase unha **avaliación final** onde se reflectan tódalas accións levadas a cabo no marco do documento, así como os obxectivos alcanzados, suxestións para a realización do III PIOM, posibles melloras, etc.

Para levar a cabo esta avaliación será preciso atender a unha serie de **indicadores** relacionados con cada área do Plan, tal e como se indica a continuación:

- Nº de acción realizadas (actividades desenvolvidas, datas, horario...)
- Número e perfil das persoas participantes (volumen de participación, sexo, idade...)
- Subvencións e recursos destinados (número e contía das subvencións solicitadas e concedidas, recursos propios dedicados á área de igualdade)
- Liñas estratéxicas de actuación abordadas (obxectivos cumpridos a través das medidas levadas a cabo ó longo de todo o período de execución do Plan e nivel de cumprimento)
- Dificultades atopadas (descrición e valoración dos principais problemas atopados no desenvolvemento do PIOM, de cara a introducir melloras nos vindeiros anos)

En definitiva, a través destes mecanismos de avaliación poderase establecer o grao de eficiencia do Plan, determinando o avance en materia de igualdade no termo municipal así como o compromiso do Concello na loita pola igualdade de xénero e a prevención dos malos tratos.

04

Glosario

## Coeducación

Desenvolvemento integral das persoas independentemente do sexo ao que pertencen e, polo tanto, sen presupoñer capacidade en razón do sexo do alumnado.

## Conciliación da vida laboral e persoal

Necesidade de compatibilizar o traballo remunerado co traballo doméstico e as responsabilidades familiares. Neste concepto tense en conta tamén a esfera privada, individual de cada persoa, e inexistente para a maioría das mulleres. Polo tanto, a compatibilidade tamén ten que estar relacionada coa dispoñibilidade de tempo libre para o desenvolvemento persoal do individuo.

## Corresponsabilidade doméstica

Defínese como a distribución equilibrada das tarefas domésticas, o coidado de persoas dependentes, os espazos de educación e traballo, permitindo aos membros que compoñen o fogar o libre e pleno desenvolvemento de opcións e intereses, mellorando a saúde física e psíquica das mulleres e contribuíndo a acadar unha situación de igualdade real e efectiva entre ambos sexos.

## Empoderamento

Aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisión e acceso ao poder. De acordo coa Plataforma de Acción de Pekín, relaciónase o empoderamento cos seguintes eixes: os dereitos humanos, a saúde sexual e reprodutiva, e a educación. Estes son os eixes considerados fundamentais para o avance das mulleres na sociedade, e a partir de aí trátase de potenciar a participación das mulleres en igualdade de condicións cos homes na vida económica, política e na toma de decisións a tódolos niveis.

## Estereotipos de xénero

Fan referencia a unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes.

## Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Fundaméntase na necesidade de garantir o acceso dos membros dunha sociedade, mulleres e homes, aos bens que dentro da mesma se xeran: económicos, materiais e non materiais, como a educación e outros bens culturais. Polo tanto, resulta imprescindible garantir que mulleres e homes poidan acceder e participar nas

diferentes esferas -económica, política, de participación social, de toma de decisións- e actividades -educación, formación, emprego e benestar-.

## **Roles de xénero**

Ao longo do noso proceso de socialización, aprendemos e poñemos en práctica unha serie de comportamentos aceptados como femininos e/ou masculinos, comportamentos que, dependendo do noso sexo biolóxico, van a ser considerados como apropiados ou non, favorecendo a nosa inserción como membros da sociedade á que pertencemos ou provocando reaccións adversas. Ditos comportamentos están directamente relacionados co reparto de tarefas entre mulleres e homes. Así, por exemplo, ás mulleres asígnanselles roles vinculados ao desenvolvemento de tarefas no eido doméstico, relacionadas co coidado do fogar e co coidado de persoas dependentes no eido familiar, mentres que aos homes asígnanselles roles relacionados co ámbito público: o emprego remunerado e a participación nos órganos de toma de decisións que afectan ao conxunto da sociedade.

## **Sexismo**

Actitude e conduta xerárquica e discriminatoria respecto dunha persoa por motivos de sexo ou identidade sexual. Tanto os homes como as mulleres poden facer uso de comportamentos sexistas.

## **Violencia de xénero**

Todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se ten lugar na vida pública como na vida privada (Asemblea xeral das Nacións Unidas. Conferencia Mundial dos Dereitos Humanos, Viena 1993).

## **Xénero**

Interpretación cultural da diferenza biolóxica. Mediante esta construción adscríbense cultural e socialmente aptitudes, roles sociais e actitudes diferenciadas para mulleres e homes atribuídas en función do seu sexo biolóxico.



**DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA**

